




XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA

Xefatura Territorial da Vicepresidencia e Consellería
de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Edificio Administrativo Monelos
Rúa Vicente Ferrer, nº 2
15008 A CORUÑA



ROSARIO ALABAU ALBORS
ASOCIACION FERROLÁ DE DROGODEPENDENCIAS
(ASFEDRO)
Rúa CADIZ, S/N-bloque 17 baixo
15406 Ferrol (A Coruña)

A12X01941

Asunto: Resolución de inscripción de modificación de estatutos.

Con data 21/05/2018 recibíuse solicitude de inscripción da modificación dos estatutos, formulada polo presidente en nome e representación da **ASOCIACION FERROLÁ DE DROGODEPENDENCIAS (ASFEDRO)**, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, co núm. **1985/001527-1ª**, e tendo en conta os seguintes FEITOS:

Primeiro. Xunto coa solicitude de inscripción presenta certificación do acordo adoptado pola Asemblea Xeral o 06/05/2018, así como o texto integro dos estatutos que substitúen aos anteriormente inscritos e que conteñen os requisitos esixidos na normativa vixente. Constan entre outros datos, os fins da asociación, o ámbito territorial de actuación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeiro. O artigo 22 da Constitución española reconece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo reguladora do dereito de asociación, reconece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.

Segundo. O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, sobre asunción de funcións e servizos pola Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións, e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

Terceiro. En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos na normativa para a súa inscripción no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

Cuarto. A xefa Territorial de A Coruña é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, RESOLVO: Inscribir os estatutos modificados da asociación ASOCIACION FERROLÁ DE DROGODEPENDENCIAS (ASFEDRO) e depositar no rexistro a documentación preceptiva sinalada no feito primeiro desta resolución, para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscripción non exonera os interesados do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común.

A Coruña, 26 de xullo de 2018



A Xefa territorial

P.S. (Orde do 22 marzo de 2016)

A secretaria territorial

Patricia Rodríguez Franco

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE A CORUÑA
A CORUÑA

Data 27/07/2018 09:02:22

SAÍDA 81395 / RX 1125518





XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA

Xefatura Territorial da Vicepresidencia e Consellería
de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Edificio Administrativo Morelos
Rúa Vicente Ferrer, nº 2
15008 A CORUÑA



ROSARIO ALABAU ALBORS
ASOCIACION FERROLÁ DE DROGODEPENDENCIAS
(ASFEDRO)
Rúa CADIZ, S/N, bloque 17. baixo
15406 FERROL (A Coruña)

A12x01941

Asunto: Resolución de inscripción de Xunta Directiva.

Con data 21/05/2018 recibíuse solicitude de inscripción da modificación da xunta directiva, formulada polo presidente en nome e representación da **ASOCIACION FERROLÁ DE DROGODEPENDENCIAS (ASFEDRO)**, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, co **núm. 1985/001527-1ª**, e tendo en conta os seguintes FEITOS:

Primeiro. Xunto coa solicitude presentouse acta ou certificación do acordo adoptado pola Asemblea Xeral da asociación de 06/05/2018, na que consta a identidade dos novos titulares da Xunta Directiva ou órgano de representación da entidade, e os seus respectivos cargos, coa seguinte composición:

ÓRGANO DE GOBERNO	NOME E APELIDOS
PRESIDENTA	ROSARIO ALABAU ALBORS
VICEPRESIDENTA	CLARA ALBERTO UCHA
VICEPRESIDENTE	ANTONIO NUÑEZ PEREZ
VICEPRESIDENTA	OLGA BASTERRECHEA CUBEIRO
SECRETARIO	FRANCISCO VARELA CACHAZA
TESOUREIRO	ENRIQUE GONZÁLEZ CALVO
VOGAL	FELIX ALONSO DOMÍNGEZ Y 6 MAS

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeiro. O artigo 22 da Constitución española recoñece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo reguladora do dereito de asociación, recoñece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.

Segundo. O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, sobre asunción de funcións e servizos pola Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións, e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

Terceiro. En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos na normativa para a súa inscripción no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

Cuarto. A xefa Territorial de A Coruña é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, RESOLVO:

Inscribir os titulares da xunta directiva ou órgano de representación da asociación ASOCIACION FERROLÁ DE DROGODEPENDENCIAS (ASFEDRO) de conformidade co expresado no feito primeiro desta resolución, e depositar no Rexistro a documentación preceptiva para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE A CORUÑA
A CORUÑA

Data 27/07/2018 09:02:22

SAÍDA 81396 / RX 1125519



ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN FERROLÁ DE DROGODEPENDENCIAS (ASFEDRO)



CAPÍTULO I: DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1. Con denominación de "Asociación Ferrolá de Drogodependencias", usando como nome abreviado **ASFEDRO** constitúese unha Entidade ó abeiro da Ley Orgánica 1/2002 do 22 de Marzo, e normas complementarias con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

Artigo 2. Esta Asociación constitúese por tempo indefinido.

Artigo 3. A existencia desta Asociación ten como fins intentar significar a grave complexidade da droga, propónse dentro do ámbito espacial estatutariamente sinalado, o fundamental e indeclinave fin da defensa e protección do individuo e da colectividade ante o consumo, promoción e emprego das drogas tóxicas, estupefacientes e análogos.

Neste sentido, canalizará a súa actuación a través de:

1. A toma de conciencia colectiva e individual sobre o dano xerado polo emprego e uso destas sustancias.
2. A creación de módulos e institucións que operen na defensa social fronte ás drogas, desenvolvendo actividades particulares nos campos preventivo, asistencial (médico, xurídico, farmacolóxico ou doutra índole), epidemiolóxico e de incorporación socio-laboral.
3. A colaboración e asesoramento, se a elo dera lugar, cos organismos públicos e privados, que garden relación co problema das drogas.
4. A realización de calesquera outras actividades que tendan e posibiliten o fin básico do Ente que se crea.

Artigo 4. A Asociación Ferrolá de Drogodependencias agrupa as persoas naturais e colectivas que, en unión de afán e colaboración,

Página 1 de 14

cooperan co espírito e fins especificados nas presentes estatutarias.

Artigo 5. O domicilio social da Asociación radicará na localidade de Ferrol, Rúa Cádiz, Bloque 17, baixo, C.P. 15.406, provincia de A Coruña, sen perxuício da posterior modificación, acordado en legal ou estatutaria medida. Poderán, os órganos competentes da Asociación para o mellor desenvolvemento dos obxectivos desta, establecer delegacións; sucursais, centros ou dependencias onde estimen convintes.

Artigo 6. O ámbito territorial no cal, a tenor dos seus fins, vai realizar fundamentalmente as súas actividades é a área dos municipios pertencentes a Área Sanitaria de Ferrol.

CAPÍTULO II. DOS ASOCIADOS

Artigo 7. A Asociación contará con tres clases de asociados: de Número, Protectores ou de Adhesión, e de Honra.

Son socios de Número as persoas físicas ou colectivas que, tendo plena capacidade en dereito, soliciten o seu ingreso na Asociación, con sometemento ós Estatutos e interese manifesto no desenvolvemento dos fins da Asociación, unha vez foran admitidos pola Xunta Directiva.

Socios Protectores, ou de Adhesión, son todos os que contribúan, con aportacións económicas, dinerarias ou doutra orde, ó sostemento ou desenvolvemento da Entidade, admitidos pola Xunta Directiva.

Socios de Honra, son as persoas físicas ou xurídicas que, polos seus relevantes méritos e contribucións dentro do campo, fins ou actividades no que se mova a Asociación, merezan esa distinción, segundo a Xunta Directiva.

Para merecer a condición de Socio Protector ou Adherido, o mesmo que a de Socio de Honra, precísase obte-lo voto favorable das dúas terceiras partes dos asistentes, en reunión convocada ó efecto.

Artigo 8. Os asociados/as Numerarios ou fundadores ~~tenen~~ os seguintes dereitos:

1. Participar nas Asambleas con voz e voto.
2. Pode elixir e ser elixido/a para os cargos directivos.
3. Tomar parte en cantas actividades organice a Asociación no cumprimento dos seus fins.
4. Gozar de tódalas vantaxes e beneficios que poida proporcionar a Asociación.
5. Facerlles suxerencias ós membros da Xunta Directiva cara a melloralo cumprimento dos fins da Asociación.
6. Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
7. Aqueloutros que sexan recollidos na lexislación vixente.

Artigo 9. Son deberes dos asociados, sin perxuício do cumprimento de calesquera outros establecidos nestas normas estatutarias, os que seguen:

1. Cumprir e acata-los Estatutos da Asociación.
2. Contribuir, coa súa aportación económica e persoal ós fins e obxectos da Asociación.
3. Satisfacer, dentro do prazo previamente sinalado nos Estatutos, o importe da cuota ou prestación económica fixada con anterioridade ou que, no sucesivo, se impoña.
4. Comunicar á Asociación, en calquera forma pero de modo suficiente calquera cambio domiciliario.
5. Someterse ás resolucións e acordos adoptados polos órganos de xestión e de Goberno da Entidade, sen prexuício do dereito á impugnación pertinente.
6. Asistir ás Asambleas e participar nas actividades e servizos que lle fosen encomendados polos órganos competentes da Asociación.

7. Aceptar cargos e funcións que sexan asignados pola Asociación, sen menoscabo das excusas pertinentes.
8. O mantemento da reserva, con suxección ó previsto no ordenamento xurídico, respecto ós datos da Asociación chegados ó seu coñecemento, e que poidan perxudicar, se se revelan, ó fin ou á normal marcha desta Entidade.



Artigo 10. Os acordos de admisión de asociados/as tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición escrita da persoa que desexa ser admitida, e tamén fixará o valor das cuotas especiais que haxan de aboarse polos asociados, tendo para elo en conta os fins, obxectivos e necesidades da Asociación.

Artigo 11. A condición de asociado perderase por:

1. Manifestación expresa e escrita do asociado, dirixida á Secretaria da Asociación. Aceptada a exclusión baixa ou renuncia, esta terá efectividade a partir do mes seguinte.
2. Falta de pago das cuotas correspondentes.
3. A expulsión da Entidade debida ó incumprimento das obrigas sociais fixadas nestes Estatutos ou pola violación ou conculcación das normas xerais de comportamento colectivo ou individual sinaladas pola Asociación, o mesmo que por feitos reprobables no concerto social. Tamén por realización de accións que perxudiquen gravemente os intereses da Asociación.

CAPÍTULO III: DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 12. O Goberno e representación da Asociación están a cargo dos seguintes órganos:

1. A Asamblea Xeral, máximo órgano de Goberno.
2. A Xunta Directiva, órgano colexiado no que a Asamblea delega o Goberno da Asociación.

3. Presidente/a, 3 Vicepresidentes/as, o Secretario/
Tesoureiro/a e os/as Vogais (cun mínimo de 1 e un máximo de 7), órganos unipersonais e con funcións de goberno e representación determinadas polos presentes Estatutos.



Artigo 13. A Asamblea Xeral de asociados/as, é o órgano expresión da vontade da Asociación e estará formada por tódolos seus integrantes. O/a Presidente/a e o /a Secretario/a serán os mesmos que os da Xunta Directiva.

Artigo 14. A Asamblea Xeral reunirse con carácter ordinario unha vez ó ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 25% dos asociados/as. Neste último caso, realizarase por medio de escrito dirixido á Presidencia, autorizando coas sinaturas dos e das solicitantes, no que se expoñía o motivo da convocatoria e a orde do día.

Artigo 15. A Asamblea Xeral Ordinaria reunirse necesariamente dentro dos catro meses seguintes do peche do exercizo.

Tanto a Asamblea Ordinaria como a Extraordinaria, serán convocadas con quince días de antelación pola presidencia da Asociación, e deberá ser notificada por escrito no domicilio dos/as asociados/as.

Na convocatoria han de aparecer o lugar, data e hora da Asamblea, así como a orde do día con expresión concreta dos temas para tratar e os anexos que procedan. Tamén haberá de sinalarse a hora da segunda convocatoria, sen que, entre a primeira e a segunda convocatoria, poida mediar un prazo inferior a media hora.

Artigo 16. Para que as Assembleas poidan tomar acordos, estarán integradas polos/as asociados/as asistentes, sempre que concorran a metade máis un do total de asociados/as na primeira convocatoria ou con calquera número de asociados/as asistentes na segunda convocatoria.

Artigo 17. Os acordos tomaráanse por maioría simple das persoas presentes ou representadas cando os votos afirmativos superen os negativos, non serán computables os votos en branco nin as abstencións.

Será precisa a maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para:

1. Ratifica-la expulsión das e dos asociados/as por proposta da Xunta Directiva.
2. Aproba-la Federación con outras asociacións.
3. Solicita-la declaración de Utilidade Pública.
4. Promove-la constitución dunha Fundación.
5. Modificación de Estatutos.
6. Disolución da Asociación.
7. Enaxenación dos bens.



Artigo 18. Son competencias da Asamblea Xeral Ordinaria:

1. Aproba-lo plan de actividades proposto pola Xunta Directiva.
2. Examinar e aproba-la memoria de actividades.
3. Examinar e aproba-las contas e balances do exercicio anterior.
4. Aproba-lo orzamento proposto pola Xunta Directiva.
5. Aproba-lo Regulamento de Réxime Interno da Asociación.
6. Fixa-las cuotas ordinarias e extraordinarias.
7. Acorda-la remuneración, de ser o caso, dos membros dos órganos de representación.
8. As demais que resulten dos Estatutos e que non estean expresamente conferidas á Asamblea Xeral ou á Xunta Directiva.

Artigo 19. Son competencias da Asamblea Xeral Extraordinaria:

1. Modifica-los Estatutos da Asociación.

2. Disolve-la Asociación e nomear ós liquidadores.
3. Aproba-la Federación con outras asociacións, ou a constitución dunha Fundación.
4. Ratifica-la expulsión de asociados /as a proposta da Xunta Directiva.
5. Solicita-la declaración de Utilidade Pública.
6. Autoriza-lo alleamento, gravamen ou hipoteca dos bens sociais.
7. Elixir ós integrantes da Xunta Directiva.



Artigo 20. Os acordos adoptados conforme cos preceptos anteriores obrigarán a todos e todas os asociados, mesmo ós non asistentes.

As sesións comezarán coa lectura por parte do/a Secretario/a da Acta da Asamblea anterior, que deberá ser aprobada. A continuación comunicará a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que corresponda, procedéndose á súa aprobación nos termos contidos nestes Estatutos, segundo a materia que se trate. Unha vez rematados tódolos asuntos da orde do día abrírase, se así o considera oportuno o/a Presidente/a, ou o soliciten un 25% dos asociados/as inscritos no libro de membros, a quenda de preguntas e suxerencias. Concluído este punto o/a Presidente/a dará por rematada a sesión.

Artigo 21. Poderáse recorrer contra os acordos que vaian contra destes Estatutos ou infrinxan os fins da Asociación en reposición perante a Asamblea Xeral. A partir da resolución deste recurso quedará expedita a vía para recorrer á xurisdicción ordinaria.

Artigo 22. A Asociación será xestionada e representada por unha Xunta Directiva composta por: Presidente/a, 3 Vicepresidentes/as, Secretario/a, Tesoureiro/a e vogais (cun mínimo de 1 e un máximo de 7)

Tódalas persoas que compoñen a Xunta Directiva deberán ser asociados/as maiores de idade, estar en pleno uso dos dereitos civís e non estar incursos nos motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente.

Tódolos cargos que compoñan a Xunta Directiva serán gratuitos, sen perxuízos do dereito a ser reembolsados os gastos previamente xustificadas.

Os cargos deberán ser designados e revogados pola **Asamblea Xeral Extraordinaria**, o seu mandato terá unha duración de **catro anos**, e poderán ser reelegidos.

Artigo 23. Os cargos da Xunta Directiva cesarán na súa función polas seguintes causas:

1. Por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva.
2. Por expiración do mandato.
3. Por incumprimento das obrigas que tiña encomendadas.

Nos caso 1) e 2) continuarán nos seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación de quen os substitúa.

Artigo 24. A Xunta Directiva reuniráse con carácter ordinario unha vez ó mes, e con carácter extraordinario tantas veces o determine a Presidencia, ou por petición de calquera dos seus membros.

A convocatoria realizarase cun mínimo de tres días de antelación mediante citación persoal, na que se recollerá a orde do día.

Realizada a convocatoria, a Xunta quedará constituída pola asistencia da metade máis un dos seus membros, e para que os seus acordos sexa válidos deberán ser tomados por maioría de votos. No caso de empate, o voto do/a Presidente/a será de calidade.

Artigo 25. As facultades da Xunta Directiva estenderáse, con carácter xeral, a tódolos actos propios das finalidades da Asociación, sempre que non refiran, segundo estes Estatutos, autorización expresa da Asamblea Xeral.

En particular son facultades da Xunta Directiva:

1. Dirixilas actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da Asociación, acordando realiza-los oportunos contratos e actos.

2. Executa-los acordos da Asamblea Xeral.
3. Convoca-las Assembleas Xerais.
4. Formular e someter a aprobación da Asamblea Xeral o programa de actuación, así como a memoria de xestión correspondente.
5. Formular e someter a aprobación da Asamblea Xeral o orzamento do exercicio así como os balances e as contas do exercizo pechado.
6. Resolver sobre a admisión de novos asociados/as.
7. Crear comisións de traballo co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos e actividades, ou recabar dela as información necesarias. Ó cargo destas comisións designarase un membro da Xunta Directiva.
8. Nomear delegados para determinadas actividades da Asociación.
9. Interpreta-los Estatutos e o regulamento de Réxime Interno e velar polo seu cumprimento.
10. Calquera outra facultade que non sexa de exclusiva competencia da Asamblea Xeral.

Neste senso, introdúcese a figura do Director-Xerente para delegar nel, a Xunta Directiva, aquelas funcións propias da súa competencia ademais das de Secretaría e Tesourería, e todas aquelas que a Xunta Directiva considere.

Artigo 26. A Presidencia da Xunta Directiva, terá as seguintes atribucións:

1. Presidir e dar por rematadas as sesión que celebre a Xunta Directiva e a Asamblea Xeral, dirixi-las deliberacións dunha e doutra, e dicidir con voto de calidade en caso de empate.
2. Representar á Asociación perante calquera organismo público ou privado.



3. Ordear pagamentos, e autorizar coa súa sinatura os documentos, actas, certificacións e correspondencia.

4. Adoptar calquera medida que a boa marcha da Asociación aconselle ou no desenvolvemento da súas actividades resulte necesaria ou convinte sen perxuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.



Artigo 27. O/a Presiente/a será asistido nas súas función por tres Vicepresidentes/as, que, ademais, o/a substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Artigo 28. O/a Secretario/a recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro de rexistro de asociados/as, e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da Entidade. Correspóndelle, asemesmo, notificala convocatoria, custodia-las actas e expedir certificacións destas co visto e prace do Presidente/a. Deberá tamén presenta-las contas anuais e cumpri-las obrigas documentais nos termos que legalmente se establezan.

Artigo 29. O/a Tesoureiro/a exerce a dirección dos traballos de xestión económica da Asociación, a custodia e levanza dos libros de contabilidade e os inventarios, así como tódolos documentos económicos necesarios para a elaboración das contas e balances.

Deberá prepara-los orzamentos, as contas anuais e os balances perante a Xunta Directiva e a Asamblea Xeral, así como dar cumprimento as ordes de pagamento que expida o/a Presidente/a...

Artigo 30. Os/as Vogais no número que determine a Asamblea Xeral terán as seguintes atribucións:

1. Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
2. Desempeña-los traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

Artigo 31. Se encomendan ó Director-Xerente as seguintes función dependendo directamente da Xunta Directiva:

1. Todo o persoal estará subordinado en canto ás directrices laborais organizativas, económicas e de administración xeral.

2. Garantir a execución dos acordos e directrices da Xunta Directiva.
3. Dirixir, coordinar e inspeccionar tódolos servicios e as normas reguladoras dos mesmos.
4. Supervisar e garantir que a Normativa Laboral e organizativa da Entidade -Pacto Laboral e Regulamento Interno- teñan un axeitado cumprimento.
5. Propoñer toda clase de acordos referente ó persoal e ós recursos - tanto económicos como materiais-, acerca dos cales a Xunta Directiva haberá de pronunciarse.
6. Exerce-la Xefatura de Persoal, realizando, para elo, cantas comprobacións e avalicións se estimen convenientes requirindo, se é preciso, os informes necesarios á Dirección Técnica e/ou programas.
7. Atender o establecemento de horarios de traballo, permisos, vacacións, réxime disciplinario e calquera outras normas de carácter laboral, propoñendo as medidas que se consideren oportunas en orde ó óptimo rendemento do persoal da Asociación.
8. Desenvolvela xestión económica -Orzamentos, Balances, facerse cargo de ingresos e pagos, en virtude das indicacións do Presidente e Secretario- de tódolos servicios e programas de ASFEDRO, baixo as directrices da Xunta Directiva.
9. Desenvolvela xestión administrativa.
10. Establece-la implantación dos estudos avaliativos que se consideren convintes, que analicen a eficacia e a eficiencia dos diferentes programas, así como a aplicación das medidas que permitan optimizar os recursos -humanos, materiais, e económicos- da Asociación.



[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

CAPITULO IV: RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 32. A Asociación como Entidade sen ánimo de lucro, ningún caso poderá distribuí-los recursos obtidos entre os asociados/as, senón que deberán destinarse, exclusivamente, cumprimento dos seus fins.

Artigo 33. O patrimonio da Asociación é de 30.608,57€

Artigo 34. O exercicio asociativo e económico será anual, e ó seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano. Así, o seu orzamento será anual e deberá ser aprobado pola Asamblea Xeral Ordinaria do exercicio económico que corresponda, e a liquidación do orzamento teráse que presentar, necesariamente, na Asamblea Xeral Ordinaria inmediatamente posterior ó remate do exercicio.

Artigo 35. Os recursos económicos dos que dispón a Asociación para o cumprimento dos seus fins son:

1. As cotas periódicas dos/as asociados/as.
2. As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva que sexan aprobadas pola Asamblea Xeral.
3. As doazóns ou subvencións que poidan conceder os organismos públicos, entidades privadas ou particulares.
4. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da Asociación.
5. Calquera outro ingreso admintido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 36. Para disposición de fondos das entidades bancarias onde a Asociación os ten depositados, deberá a entidade bancaria ter recoñecidas as sinaturas que corresponden a o/a Presidente/a, o/a Tesoureiro/a, o/a Director/a-Xerente, para o seu emprego conxunto.



H. Revisión

Xunta

CAPÍTULO V: DO REGULAMENTO INGERNO

Artigo 37. O Regulamento de Réxime Interno, de ser o caso, desenvolverán aquelas materias non contempladas directamente nos presentes Estatutos, e non poderán ir en ningún caso en contra do estipulado neles.

CAPÍTULO VI: MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 38. Os presentes Estatutos poderán ser modificados por proposta da Xunta Directiva.

A convocatoria da Asamblea Xeral Extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas.

Artigo 39. Para ser aprobada a reforma dos Estatutos será necesario o voto favorable da maioría simple dos membros da Asamblea Xeral de asociados/as.

Artigo 40. A Asociación disolveráse polas seguintes causas:

1. Polas previstas nos Estatutos.
2. Por vontade da Asamblea Xeral.
3. Para constituir unha fundación.
4. Por sentenza xudicial.

Artigo 41. Acordada a disolución a Asamblea Xeral Extraordinaria designará tres asociados liquidadores que xunto ó/a Presidente/a, o/a Tesoureiro/a e o/a Director/a-Xerente procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante

O haber líquido resultante, unha vez efectuada a liquidación, doaráselle a outra Entidade de carácter non lucrativo, inscrita no rexistro de asociacións da Comunidade Autónoma e que teña os mesmos ou similares fins.



Mano de Aldean

Mano de Aldean

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Asociación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos aplicarase a vixente Lei 1/2002 do 22 de Marzo, reguladora do dereito de asociación, e as disposicións complementarias:

Don Francisco Varela Cachaza, na súa calidade de secretario/a da Asociación ASFEDRO fai constar que ditos Estatutos foron modificados en Asamblea Xeral Extraordinaria celebrada o 6 de maio de 2018, no seu Artigo 12.3, 22 e 27, Estructura da Xunta Directiva.

En Ferrol, 11 de maio de 2018


VºBº Presienta

Secretario




Asdo. Rosario Alabau Albors

Asdo. Francisco Varela Cachaza



INSCRIPCIÓN DE MODIFICACIÓN ASOCIACIÓN Nº

Inscrita a la modificación por resolución do 26 de Xullo de 20 18 soamente para os efectos de publicidade de conformidade co artigo 22 da Constitución e artigo 16 da L.O. 1/2002

 CIA responsable do Rexistro

Página 14 de 14